



ACTA DA ASEMBLEA XERAL DA FGC (9-12-2022)

ASISTENTES:

MESA ELECTORAL:

PRESIDENTE:

DON JOSÉ MARÍA GÓMEZ CORTÓN

VOGAL:

DON JOSÉ LUIS MONTOTO IGLESIAS

(Rpte Sociedade Caza Lalín)

SECRETARIO:

DON ROBERTO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ

No Hotel Eurostars San Lázaro, en Santiago de Compostela, a **9 de decembro de 2022**, sendo as 18,30 horas reúnense os membros da Mesa Electoral da FGC, designada pola Xunta Electoral o 2-12-2022, e trala renuncia xustificada polo membro titular, Jesús Feijoo, autorizada pola Xunta Electoral, **queda constituída do xeito seguinte:**

PRESIDENTE: Don José María Gómez Cortón

SECRETARIO: Don Roberto Rodríguez Fernández

VOGAL: Don José Luis Montoto Iglesias *(Rpte Sdade Lalín)*

SUPLENTES:

DON JOSÉ ANDRES FREIRE ARES

(Rpte Sdade Caza Xabarín)

SUPLENTE 1º: Don José Andrés Freire Ares *(Rpte Sdade Xabarín)*

RELACIÓN DE ASEMBLEÍSTAS:

ANEXO 1 da presente acta

Ás 19,30 horas, en segunda convocatoria ao non haber quórum na primeira, dá comezo a asemblea xeral, coa asistencia das persoas asembleístas que se relacionan no **Anexo 1** da presente acta, anterior e oportunamente convocadas, para tratar a seguinte **ORDE DO DÍA** previamente establecida no calendario electoral:

1º. CONSTITUCIÓN DA ASEMBLEA XERAL DA FGC.

Toma a palabra o presidente da Mesa Electoral e, tras presentar aos membros que o acompañan, informa que, segundo lle traslada a Xunta Electoral, todos os asembleístas tomaron posesión e aceptaron o cargo, por escrito, dentro do prazo regulamentario.

A continuación nomea ás persoas membros da nova asemblea sinalando o estamento e circunscrición electoral ao que pertencen cada unha delas, **dándose por constituída a asemblea xeral da FGC sen ningún voto en contra.**

2º. ELECCIÓN DO PRESIDENTE,

O Presidente da Mesa lembra que as votacións para a elección da presidencia da FGC foron desconvocadas pola Xunta Electoral o pasado 1 de decembro, e proclamado como Presidente electo, Luis Eusebio Fidalgo Álvarez, despois de que o outro candidato, Óscar Meijide Varela, retirase a súa candidatura.

A continuación **presenta ao Presidente electo, Luis Eusebio Fidalgo**, indicando que o traspaso de poderes e a toma de posesión do novo Presidente terá lugar o vindeiro 30 de decembro na sede da FGC en Santiago, e seguidamente cédelle a palabra para que se dirixa á nova asemblea.

3º. ELECCIÓN DA COMISIÓN DELEGADA.

O Presidente da Mesa informa que a Comisión Delegada está integrada por nove persoas máis o novo Presidente, indicando que tres dos seus membros representan ás entidades deportivas, un ao estamento de xuíces e árbitros, e dous ao estamento de deportistas, e que os outros tres restantes serán designados posteriormente polo novo Presidente.



**Federación Galega
de Caça**

Informa que a Xunta Electoral proclamou o pasado 1 de decembro aos tres representantes das entidades deportivas e ao representante dos xuíces e árbitros como membros electos da Comisión Delegada, tras retirarse unha candidatura de sociedades (Pena Maior de Piñor) e outra de xuíces e árbitros (Ramón Rodríguez Cobas), desconvocándose así as votacións a estes estamentos.

Informa que, a última hora, tamén se retirou unha das candidaturas do estamento de Deportistas (José Touceda Magariños), polo que a Xunta Electoral desconvocaba tamén o pasado día 7 de decembro as votación a este estamento, proclamando como electos aos outros dous representantes.

A continuación dá conta da composición da **nova Comisión Delegada**, sinalando que esta tamén tomará posesión o 30 de decembro:

- **Polo Estamento de Entidades Deportivas:**
SOCIEDADE DE CAZA BARBANZA (Circunscrición electoral de A Coruña)
SOCIEDADE DE CAZA SANMAMEDE (Circunscrición electoral de Ourense)
SOCIEDADE DE CAZA SAN MARTÍN GROVE (Circunscrición electoral de Pontevedra)
- **Polo Estamento de Xuíces e Árbitros:**
JUAN ANGEL ALONSO PÉREZ (Circunscrición electoral de Pontevedra)
- **Polo Estamento de Deportistas:**
MANUEL PENABAD CORRAL (Circunscrición electoral de A Coruña)
JAVIER SANDE LÓPEZ (Circunscrición electoral de Lugo)

Seguidamente, antes de proceder á clausura da asemblea, o Presidente da Mesa informa que se atopa presente nesta asemblea o Presidente saínte, Javier Nogueira, que estivo ao fronte da Federación Galega de Caça durante os últimos 12 anos, e a continuación cédelle a palabra.

E non sendo outros os asuntos a tratar, levántase a sesión ás 20:06 horas, asinando a presente acta en proba de conformidade os membros da Mesa Electoral.

A MESA ELECTORAL,

O PRESIDENTE,

O VOGAL,

O SECRETARIO,